

CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA TRINTA DE AGOSTO DE DOUS MIL DOCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas da mañá do trinta de agosto de dous mil doce, reúnese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz que se ausenta as doce horas e corenta e cinco minutos no punto de rogos e preguntas , Don José Esmorís Aldao, Dona María José López Lamigueiro Don Benigno Galego Castro, , Don Cándido Eusebio Prieto Lago, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Roberto Oscar López López que se ausenta no punto de rogos e preguntas as trece horas e quince minutos , baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:


1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO DO DÍA VINTE E SETE DE XUÑO DE 2012. - Os membros do Pleno non fixeron observacións algunha polo que se considera aprobada.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS 2013. Leida a proposta da alcaldía do tenor literal seguinte : Visto o Decreto 169/2012 do 1 de agosto publicado no Diario Oficial de Galicia do 10 de agosto, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2013, na Comunidade Autónoma de Galicia, e dada a posibilidade de establecer dous días de cada ano natural como festa locais, segundo establece o artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores esta alcaldía propón ó pleno a aprobación da seguinte proposta:**PRIMEIRO.-** Establecer como festivos locais para o ano 2013, os días **12 de febreiro de 2013**, (martes de entroido) e o **8 de xullo de 2013** festas de San Martiño.**SEGUNDO.-** Remitirlle copia deste acordo a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Traballo e Benestar. Cerdido, 20 de agosto de 2012.A Alcaldesa. Asdo/ **Ana Rodríguez Montero. O Pleno do Concello aprobou por unanimidade a presente moción coa emenda presentada para cambiar o día 8 de xullo de 2013 polo día sete de xaneiro 2013 .**

A Alcaldesa propón que se declare como festivo o martes de entroido e dado que cada ano se aproba un festivo para cada parroquia , este ano proponse o primeiro luns de xullo coincidindo coa festa de San Martín , pero engade que preferiría ter un día fixo todos os anos porque as veces as comisións de festas non realizan a festas ese fin de semana concreto .

O Concelleiro Don José Esmorís Aldao, propón como festa local o día de Santa Lucía por ser a única romería que hai no Concello .

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago propón que o día festivo sexa o vinte e catro de xuño , San Xoán



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)


C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro propón que o día festivo sexa o sete de xaneiro, por ser tamén festivo en Ferrol.

3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO CONCELLEIRO D. ROBERTO O. LÓPEZ LÓPEZ CONTRA AS MEDIDAS ECONÓMICAS E REFORMA DO RÉXIME LOCAL DO GOBERNO DO PP.

Leida a moción presentada do tenor literal seguinte : O Goberno central vén de anunciar unha reforma do réxime local, sen ter en conta nin a opinión das Comunidades Autónomas con competencias, como é o caso de Galiza, nin tampouco dos axentes municipais a través das asociacións representativas do municipalismo.

Baixo o pretexto da crise, pretende impor unilateralmente un modelo centralista local, que impida calquera posibilidade de adaptar á realidade galega ao réxime local, alén de limitar a autonomía dos concellos á hora de xestionar os seus servizos para potenciar o papel das deputacións provinciais. Incluso, como actuación fronte á crise, trátase dunha proposta de reforma condenada ao fracaso, pois nin actúa sobre as causas reais que provocan a asfixia no financiamento dos concellos, nin tampouco garante unha suficiencia de fondos para atender as competencias municipais e as crecentes necesidades que as veciñas e os veciños demandan dos concellos. O obxectivo que se persegue coa reforma é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade, como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer abordar unha reforma do mapa local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galiza. A persistencia en manter e mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restricións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza. Xa que logo, o realmente inaprazábel é suprimir as deputacións provinciais para que os concellos poidan dispor de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan, e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego a fin de garantir un acceso equitativo en todo o país. Por outra banda, tamén se propón polo Goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por adicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político, para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise, de impedir que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais. Tamén os concellos se vén afectados por medidas xa aprobadas, como é a redución salarial que de novo se aplica ás empregadas e empregados públicos, cando xa foron medidas ensaiadas con anterioridade que non contribuíron á recuperación económica senón que agravaron a situación de recesión por restar capacidade económica a un colectivo importante de persoas. En suma, un conxunto de propostas cuxo obxectivo, máis que actuar contra a crise desde unha perspectiva social onde se favoreza ás persoas e colectivos máis afectados a través dunha redistribución da renda e da riqueza, inciden na liña de aproveitarse da crise para implantar o programa de máximos da dereita económica, inspirados no dogmatismo neoliberal, que en realidade procura manter os privilexios dos de sempre a costa de recortar dereitos das maiorías sociais. E por isto que o grupo municipal do BNG



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte **ACORDO**:1. Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes –amplía maioría dos concellos galegos – potenciando ás deputacións provinciais.2. Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.3. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.4. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre os funcionarios e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de Nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local. Cerdido, 16 de xullo do 2012.

O Concelleiro D. Roberto Oscar López López explica que o BNG considera importante que se faga chegar a nosa opinión sobre este tema a xente , dado que ante a crise actual o goberno propón unha reforma local que non conleva unha mellora dos servizos que se prestan a veciñanza


A Alcaldesa propón que dado que este tema foi consensuado polos tres partidos políticos no marco da FEGAMP , propón adherirnos o acordo tomado por ela .

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago , considera oportuno presentar como emenda tres puntos , primeiro , que se defenda a a autonomía local , segundo que se defenda a existencia dun debate sobre as competencias locais e terceiro que se lle de traslado do acordo o Goberno de España , Xunta de Galicia , Grupos parlamentarios do Congreso e do Senado , o Parlamento de Galicia e a Fegamp .

Tras a lectura da proposta da Fegamp **a membros da corporación consensuan unha nova moción que se transcribe a continuación:**

A Corporación Municipal manifesta o desacordo coa reforma da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e instar o Goberno a abrir un proceso de negociación coas comunidades autónomas , FEGAMP e FEMP , na liña do manifestado pola FEGAMP respecto a esta reforma . e acorda trasladar este acordo o Goberno de España , Xunta de Galicia , Grupos parlamentarios do Congreso e do Senado , o Parlamento de Galicia e a Fegamp . **Os membros da Corporación por unanimidade aprobaron esta proposta**

4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO CONCELLEIRO D. ROBERTO O. LÓPEZ LÓPEZ PARA QUE A XUNTA REVOQUE O ACORDO DE




CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

SUPRESIÓN DOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN A TRAVÉS DAS OFICINAS LIQUIDADORAS DE TAXAS E IMPOSTOS .

Leida a moción que se transcribe a continuación : As persoas titulares dos Rexistros da Propiedade das vilas e cabeceiras de comarca de Galiza, agás aqueles situados nas cidades da Coruña, Vigo, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago, veñen de coñecer a intención da Xunta de Galiza de non proceder á renovación do convenio que expira o 31 de decembro deste ano, en virtude do cal estes prestaban os servizos, entre outros, de oficinas liquidadoras de diferentes taxas e impostos. A través destas oficinas liquidadoras nos diferentes Rexistros da Propiedade veñen realizando todas as xestións relacionadas con sucesións, transmisións, actos xurídicos documentados, societarios, etc., ademais da correspondente liquidación das taxas e xestións como as relacionadas coa interposición de recursos de reposición, comprobación de valores, notificacións ou requirimentos ás persoas interesadas, entre outras. Ademais a existencia nas mesmas de persoal especializado no ámbito do dereito civil, propiedade, etc. Permite prestarlles ás persoas do ámbito de actuación no que se atopa o noso concello, servizos de información e asesoramento ao tempo que actúan como arquivos de documentos e escrituras privadas. Hai que ter en conta que en Galiza non hai tradición de escritura pública polo que resulta moi importante o labor de arquivo de escrituras privadas que veñen realizando estas oficinas, xa que arquivan un exemplar de cada documento privado que é obxecto dalgún trámite nesa oficina e queda alí para o futuro; podendo as persoas interesadas acudir en caso de extravío ou para futuras partillas de persoas herdeiras. De proceder por parte do goberno da Xunta de Galiza á desaparición destas oficinas liquidadoras o Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarca pasarán a ser meros receptores, obrigando aos veciños e veciñas interesadas a acudir ás cidades antes citadas para realizar o resto dos trámites relacionados coa liquidación, ademais de perder o resto dos servizos que se lles viñan prestando. Esta actuación supón un novo golpe de graza do goberno do PP á poboación que vive fóra dos grandes núcleos urbanos da nosa nación pois trátase dunha medida que priva de servizos cos que viñan contando as persoas que viven en vilas e aldeas do rural. Trátase dunha medida que vai claramente en contra do proceso de comarcalización dos servizos e do equilibrio territorial. O que vén demostrar o nulo interese do PP polo mantemento de poboación e actividade económica nas cabeceiras de comarca, nas vilas e nas aldeas, e o exercicio dunha política que priva á xente destes lugares de máis servizos, incrementando a súa dependencia das grandes cidades. Levar a cabo unha decisión deste calibre supón menosprezar as características da poboación galega, tanto no que atinxe á súa dispersión, ás súas condicións socioeconómicas, ao seu envellecemento como aos grandes déficits de mobilidade que padece en gran parte do noso territorio, ao que debemos engadir outras decisións lesivas como a redución do mapa xudicial. Esta nova medida do PP vai motivar a perda de arredor 150 postos de traballo en Galiza, postos de traballo cualificados e asentados en contornos sensíbeis como o medio rural, baixo o pretexto do aforro e a austeridade. Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO: Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora.

Cerdido, 20 de xuño de 2012 Asdo. Roberto O. López López. Comarcas e concellos afectados por esta medida: Comarca da Coruña: Arteixo e Betanzos. Comarca de



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es


Muros-Nola: Muros e Nola. Comarca da Montaña: Arzúa. Comarca de Santiago: Negreira, Ordes e Padrón. Comarca de Lugo Centro: Becerreá , A Fonsagrada, Sarria e Vilalba. Comarca de Bergantiños: Carballo. Comarca de Lugo Sur: Chantada, Monforte de Lemos e Quiroga. Comarca da Costa da Morte: Corcubión. Comarca de Ferrolterra: Ferrol, Narón, Ortigueira e Pontedeume. Comarca da Mariña: Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro. Comarca de Allariz-A Limia: Allariz e Xinzo de Limia. Comarca de Celanova-Baixa Limia: Bande e Celanova. Comarca de Valdeorras: O Barco de Valdeorras. Comarca de Ourense-O Carballiño: O Carballiño e A Pobra de Trlves. Comarca do Ribeiro: Ribadavia. Comarca de Monterrei: Verín e Viana do Bolo. Comarca de Pontevedra: Caldas de Reis e Ponte Caldelas. Comarca do Salnés: Cambados e Vilagarcía de Arousa. Comarca do Morrazo: Cangas. Comarca da Estrada-Deza: A Estrada e Lalín. Comarca do Condado: Pontearreas. Comarca de Vigo: Redondela. Comarca do Baixo Miño:Tui. **Os membros do Pleno por unanimidade dos presentes prestaron aprobación a proposta anterior.**

O Concelleiro D. Roberto Oscar López López engade que con esta supresión , será necesario facer os trámites en A Coruña , o que supón un sobrecusto para todas as xestións .

A **Alcaldesa** afirma que lle parece que o tema estase a estudar e tamén se esta plantexando a supresión do partido xudicial de Ortigueira

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro afirma que non esta de acordo coa supresión destas oficinas sobre todo nestas comarcas con xente tan envellecida .

5.-- MOCIÓN PRESENTADA POLO CONCELLEIRO D. ROBERTO O. LÓPEZ LÓPEZ CONTRA A SUPRESIÓN DOS SERVIZOS FERROVIARIOS .
Leida a moción que se transcribe a continuación :As comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá corren perigo de perder o tren. O Goberno español pretende reducir e/ou eliminar servizos ferroviarios. No caso de FEVE afectaría ás cercanías de forma grave e aos servizos rexionais, polo que a comunicación ferroviaria en Ferrolterra, e entre esta comarca, Ortegá e A Mariña sería aínda máis deficiente e as dificultades para o uso de transporte público moito maiores. Non é esta a mellor forma de colaborar ao seu desenvolvemento económico e ao seu equilibrio social. Os recortes de FEVE non traerán máis que maior precarización dos servizo e máis paro. Pola súa parte, respecto dos servizos de RENFE pretende a práctica eliminación dos rexionais actuais en nome dunha política de reestruturación e liberalización que, na práctica, significa a desaparición do ferrocarril, quedando en exclusiva o itinerario Ferrol-A Coruña en mans do transporte por estrada. Non é de recibo que unha área de máis de 500.000 habitantes quede á marxe dun transporte público que cumpre un importante papel social e que podía cumprilo moito máis de terse realizado os investimentos necesarios na infraestrutura, alén de contar con mellor material rodante e o número de frecuencias adecuadas ás necesidades. En lugar de optar polo desenvolvemento económico, impulsando o ferrocarril, o Goberno español ve este momento de crise como unha nova



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

oportunidade para empobrecer máis unha comarca dabondo castigada por sucesivas reestruturacións de sectores económicos estratéxicos como naval. É por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción dos seguintes ACORDOS:1.-Expresar o rexeitamento total aos plans do Goberno español de reducir e/ou eliminar servizos ferroviarios en Galiza, en particular nas comarcas de Ferrol-Ortegal-A Mariña, FEVE, e no itinerario Ferrol-A Coruña, RENFE, por significar máis discriminación e marxinação económica e social destas comarcas.2.-Esixir do Goberno español e da empresa pública FEVE o mantemento dos servizos actuais en Galiza, e en particular as frecuencias nas cercanías e os rexionais existentes, ademais de mellorar a súa prestación tanto en material rodante como en adecuación ás necesidades sociais. Instar á Xunta de Galiza a que realice xestións co mesmo obxectivo.3.-Instar ao Goberno español e á Xunta de Galiza a negociar a transferencia dos servizos de FEVE en Galiza e de RENFE no itinerario Ferrol-A Coruña á Comunidade Autónoma de Galiza, nas debidas condicións económicas, para formar unha Compañía Ferroviaria Pública Galega que os preste e xestione debidamente, co interese requirido e como parte fundamental do desenvolvemento económico e da cohesión social destas comarcas.4.-Esixir do Goberno español e da empresa pública RENFE o mantemento dos servizos rexionais de RENFE entre Ferrol e A Coruña e aumentar o número de frecuencias, conforme ás necesidades sociais, mellorando o material rodante e acurtando o tempo de viaxe, realizando o investimento necesario para a construción dun by pass en Betanzos. Instar á Xunta de Galiza a que realice xestións co mesmo obxectivo. Cerdido, 3 de Agosto de 2012.Asdo. Roberto Ó. López e López.. **Os membros do Pleno por unanimidade prestaron aprobación a moción anterior .**

A Alcaldesa engade que os alcaldes da comarca xa tivemos unha reunión para tratar o tema e solicitamos unha entrevista co Concelleiros de Infraestruturas que se vai a realizar o día catro de setembro

O Concelleiro D. Roberto O . López López afirma que sería moi bo que nesa reunión se puidera levar o acordo do Pleno e entende que a línea Coruña – Ferrol e as líneas de FEVE vai pouca xente porque leva moito tempo , o tren non é competitivo pero socialmente é rentable

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago entende que é necesario unha planificación do transporte público axeitada e que o que pasa é que aquí non hai tradición do transporte público , sería interesante que o transporte metropolitano (tarxeta azul) funcionara ata Ortigueira pero para isto é necesario que os concellos colaboren economicamente .

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro pensa que hai que fomentar e potenciar o horario do tren pero non suprimilo , e necesario adaptar os horarios as necesidades da xente e entende que a entrevista co Concelleiro chega tarde dado que polo adianto das eleccións autonómicas este concelleiro esta en funcións .

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:




CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

6.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA . A Secretaria deu lectura a seguinte relación de decretos :


Nº	Data	Descrición
Xuño 2012		
104	19/06/2012	Aprobación do exp , de contratación da obra Camiño Panceiras - Cabanas (A Barqueira) do POS 2012
105	19/06/2012	Aprobación do exp de contratación da obra Camiño Cruz dos Novás-Pena-Casavide-Estrada Xeral
106	19/06/2012	Aprobación exp. De contratación da obra Saneamento Calmourel-Rego da Madeira (Os Casás) do PCC
107	20/06/2012	Autorización para celebración festas de Os Casás
108	21/06/2012	Aprobación do padrón de contribuíntes da taxa polo abastecemento de auga do ano 2012
109	22/06/2012	Alta no padrón de habitantes
110	22/06/2012	Autorización para realización das fogueiras de San Xoán e San Pedro
111	26/06/2012	Autorizar a U.D. Cebarca, para usar o pavillón polideportivo e a megafonía municipal para a celebración do XIV Maratón de Fútbol Sala Cerdido 2012
112	26/06/2012	Aprobación de facturas de nº 204 a nº 241
113	28/06/2012	Autorización para a realización dunha luminaria a noite de San Pedro
114	28/06/2012	Autorizar a Arumes do Castro a seguir usando o local da Escola de Avispeira para levar a cabo ensaios de baile
115	29/06/2012	Contratar a D. Alberto Fernández Candales como persoal laboral temporal no posto de socorrista acuático – monitor de natación
Xullo 2012		
116	03/07/2012	Licenza de obras a D. DAYLU S.C. para levar a cabo as obras de Encintado exterior e colocación de ventás en Reboradaos nº 4
117	03/07/2012	Padrón de contribuíntes da taxa polo servizo de axuda no fogar do 2º T de 2012
118	04/07/2012	Autoriza-la celebración das festas de Cerdido
119	04/07/2012	Autorizar para pechar unha vía ó tráfico rodado no lugar de Vila da Igrexa na parroquia de Cerdido, con motivo das festas
120	05/07/2012	Autoriza-lo gasto para o contrato menor do servizo de mantemento Estación de tratamento de auga potable de Cerdido con Aquagest S.A
121	04/07/2012	Autorización a Asociación Cultural “Airiños dos Carrís”, a usar un local do Castro
122	05/07/2012	Outorga-la licenza de obras a D. Alfonso Pena Fojo para levar a cabo as obras de substitución do tellado en tella sobre fibrocemento ,en O Covelo
123	05/07/2012	Recoñecer o dereito de Don Miguel Ángel Dopico Ferreira, á devolución do ingreso indebido por importe 621,60 euros, polo aluguer da vivenda en Campo da Igrexa de Os Casás.



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

124	05/07/2012	Aprobación de facturas de nº 242 a nº 259
125	05/07/2012	Recoñecer o dereito de Doña Generosa Porto García e Doña Encarnación Piñón Piñón, á devolución do ingreso indebido por importe de 21,60 euros e 31,20 euros respectivamente pola taxa de servizos asistenciais estas cantidades están domiciliadas
126	06/07/2012	Autorizar a D. Luís Velón Sixto, a usar un local do Castro para a celebración dunha comida familiar o día 8 de xullo durante todo o día
127	06/07/2012	Autorizar a D ^a . Josefa Bouza Abella, a usar un local do Castro para a celebración dunha festa de aniversario infantil o día 7 de xullo de 17:00 a 19:00 horas.
128	09/07/2012	Autorizar a “Arumes do Castro”, a usar o pavillón polideportivo e a megafonía municipal os días 10, 13 e 15 de xullo para levar a cabo os ensaios e a exhibición dos grupos que participaron nas clases de baile.
129	10/07/2012	Inicia-lo procedemento de contratación de persoal temporal de tres peóns, e un auxiliar de axuda no fogar subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar
130	11/07/2012	Outorga-la licenza de obras a D. María Sol García Pena para levar a cabo as obras de Cubrición da vivenda en tella sobre fibrocemento no lugar de O Noval
131	16/07/2012	Autorizar á Asociación de Promacer a usar un local da Escola de Avispeira o día 26 de xullo de 2012 en horario de 19:00 a 21:30 horas para levar a cabo unha charla formativa sobre plantación de eucalipto clonado.
132	24/07/2012	Aprobación de facturas de nº 260 a nº 284
133	30/07/2012	Contratar para o posto de peón a José Alberto González López e a Oscar Martínez Rico e para o posto de axuda no fogar a Silvia Hermida Pérez, subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar.
134	30/07/2012	Contratar a Rita Fraga Orjales como auxiliar de axuda no fogar dende o día 01/08/2012 a 31/09/2012, para poder atender as unidades familiares adscritas actualmente o servizo de axuda no fogar , no período de vacacións do persoal.
135	30/07/2012	Reducir a xornada laboral de Sonia Pérez Teijeiro, en tres horas diarias, a partires do día primeiro de agosto
136	30/07/2012	Autorización da prestación do SAF na súa modalidade de prestación básica a D. José Amando Blanco Mouriz
137	31/07/2012	Alta no padrón de habitantes
Agosto 2012		
138	02/08/2012	Autorizar á Asociación C FAES Porta Nova para usar a cociña da escola de Os Casas o luns de 9:00 a 13:00 horas durante 5 meses para organizar un taller de cociña e de actividade de vida diaria
139	02/08/2012	Contratar a María Susana Pita Rodríguez como auxiliar administrativo, por acumulación de tarefas, polo período das vacacións anuais do persoal municipal e a próxima situación de incapacidade temporal do auxiliar administrativo,
140	03/08/2012	Arquivar a denuncia presentada por abandono de vehículo, xa que este foi retirado da parcela privada na que estaba situado.
141	03/08/2012	Excluir a Ecilga Pérez Pérez, da bolsa de contratación de socorrista acuática por renunciar o posto de traballo ofertado sen acreditar que nese momento estivera traballando.
142	07/08/2012	Alta no padrón de habitantes



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

143	07/08/2012	Recoñecer a favor de María Susana Pita Rodríguez o complemento de antigüidade, dada a súa categoría laboral de auxiliar administrativo
144	08/08/2012	Aumentar a xornada laboral de Sonia Pérez Teijeiro, en vinte unha horas diarias, a partires do día nove de agosto
145	09/08/2012	Alta no padrón de habitantes
146	10/08/2012	<i>Adjudicación do contrato de obra :Camiño Paineira . Cabanas incluído no POS 2012</i>
147	10/08/2012	<i>Adjudicación do contrato de obra : Camiño Cruz dos Novas – A Pena . Casavide – Estrada xeral incluído no POS 2012</i>
148	10/08/2012	<i>Adjudicación do contrato de obra : Saneamento en Calmouresl Rego da Madeira incluído no PCC</i>
149	16/08/2012	Autorizar a D. José Fraga Fernández, en calidade de secretario da Sociedade Cultural “Airiños dos Carrís”, a usar os dous dous locais da Área Recreativa O Castro e a pista polideportiva da mesma área recreativa dende o venres día 24 de agosto a partir das 12:00 horas ata o domingo 26 de agosto ás 14:00 horas para celebrar un festival.
150	16/08/2012	Autorizar a D ^a . Ana M ^a Aneiros Luaces, en representación da Asociación de Mulleres Rurais “Albar Quercus”, a usar a biblioteca municipal da Casa da Cultura os mércores de 20:30 a 23:00 e os xoves de 15:00 a 18:30 dende o 1 de outubro de 2012 ata o 30 de xuño de 2013 para levar a cabo os cursos de bordado e de bolillos
151	20/08/2012	Corrección dun erro aritmético no Decreto nº 120/2012
152	22/08/2012	Modificar o parrafo primeiro do Decreto 147/2012 corrixindo un erro aritmético
153	23/08/2012	Decreto de aprobación de facturas
154	27/08/2012	<i>Convocatoria de pleno ordinario</i>


O Concelleiro D. Benigno Galego Castro pregunta sobre o contido dos seguintes decretos .

Decretos 104 /2012 , a que empresas se adjudicou os contratos ,a Alcaldesa responde que a obra de camiño a Paineira a José No Mantiñan e a obra de Cruz dos Novas e Saneamento a José M. Piñeiro .

Decreto 115/2012 , motivo porque se exclúe a unha candidata da Bolsa , a Alcaldesa explica que esta persoa renunciou a ser contratada porque ía a ser contratada en Ortigueira

Decreto 125/2012 , a Alcaldesa afirma que se lle devolveron os cartos porque pagaron de mais

Decreto 120/2012 a Alcaldesa afirma que se contrato con Aquagest o mantemento da auga para liberar de traballo o persoal municipal e que se fixo xestión con outra empresa Espina e Delfín pero non lles interesou e o prezo ascende a 1200 euros sen IVE . O Concelleiro aproveita para facer un rogo a Alcaldía para que se revise o nivel de cloro que nun análise parece que foi executivo así como a existencia de bacterias .



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)


C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

Decreto 129/2012 . A Alcaldesa explica que concederon unha subvención para contrata a tres peóns e se contrato dous e agora en setembro o outro para poder contar con persoal mais tempo .

Decreto 134/2012 e 139/2012 o concelleiro solicita saber como se fan as contratacións , a Alcaldesa afirma que existe unha bolsa de contratación no concello

Decreto 135/2012 , a Alcaldesa afirma que se reduciu a xornada motivado polo falecemento dun usuario do SAD e ampliouse no momento no que autorizaron a alta dun novo usuario do SAD Dependencia

7.-DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DO PRAZO PREVISTO DE PAGO DAS OBRIGACIÓNS O ABEIRO DA LEI 15/2010. SEGUNDO TRIMESTRE DE 2012. Leído pola Secretaria o informe do segundo trimestre que se transcribe a continuación : **INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS LEGALMENTE PARA O PAGAMENTO DE OBRIGAS.I.- NORMATIVA APLICABLE.-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.** Texto Refundido da Lei de Facendas Locais-Real Decreto Lexislativo 3/2011 , do 14 de novembro , polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público .(TRLCSP) **.II.- CONSIDERACIÓNS.** En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o art.º 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:O prazo no que as administracións teñen a a obriga de abonar o prezos da obrigas , ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta o establecer que : “O prazo de trinta días a que se refire o apartado 4 do artigo 216 desta Lei, aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013. Dende a entrada en vigor desta Lei e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos **corenta días** seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato **III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS** : Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/04/2012 e 30/06/2012 (segundo trimestre do 2012) se obtén a seguinte información:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre


Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	20,54	0	146	97.874,82	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	20,54	0	146	97.874,82	0	0,00
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	24,40	0	33	17.249,10	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	19,71	0	113	80,625,72	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	33	0	2	68.852,19	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	33	0	2	68852.19	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais		0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto		0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto		0	0	0,00	0	0,00
Sin desagregar		0	0	0,00	0	0,00
Aplicados a presuposto		0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto		0	0	0,00	0	Dinv
Total	25,68	0	148	166,727,01	0	0

b) Intereses de demora pagados no período: Ningún

Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes:

a) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre. (art.º 4º. 3 Lei 15/2010)

						Pagos Realizados no Trimestre
--	--	--	--	--	--	-------------------------------



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

Facturas ou documentos xustificativos pendentos de pago ó final do trimestre	Período medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio do pendente de pago excedido (PMPPE) (días)	Dentro do período legal pago ó final do trimestre		Fora do período legal pago ó final do trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	4	0	1	126,62	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	0	0	0	0,00	0	0,00
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	0	0	0	0,00	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	4	0	0	126,62	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	0	0	0	0,00	0	0,00
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0	0	0,00	0	0,00
Sin desagregar	0	0	0	0,00	0	0,00
Total	4	0	0	126,62		


c)Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (art.º 5º. 4 Lei 15/2010): Ningún

III.- CONCLUSIÓN.É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art.º 5º. 4 da Lei 15/2010.Cerdido, a catro de xullo abril de dous mil doce. O **Tesoureiro** . **A Secretaria - Interventora** . Os **membros do pleno déronse por enterados**

8. DAR CONTA DA SOLICITUDE DA ALCALDESA DE RENUNCIA DA PAGA EXTRAORDINARIA DE DECEMBRO DE 2012 . A Secretaria deu lectura a un escrito , referencia rexistro de entrada 10/08/2012 nº 1041 polo que a Sra. Alcaldesa tras a entrada en vigor do Real Decreto Lei 20/2012 do 13 de xullo , renuncia a paga extra do mes de decembro de 2012. Os membros do Pleno déronse por enterados

9.- MOCIÓNS DE URXENCIA

O Concelleiro D. Roberto O López López , presenta as seguintes mocións pola vía de urxencia :



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

9. 1.- MOCIÓN PARA IMPEDIR A PERDA DO PODER ADQUISITIVO DAS EMPREGADAS E EMPREGADOS PÚBLICOS AFECTADOS POLO DECRETO 20/2012 , rexistra no concello odía 3 de agosto de 2012. E fundamenta a urxencia nas repercusión que vai a ter no persoal deste concello .

A Alcaldesa anuncia o seu voto en contra porque non sabe si é legal intentar modificar o disposto no Real Decreto Lei a través de compensacións . **Os membros do Pleno en votación ordinaria rexeita a incorporación da moción na orde do día** . Catro votos a favor da urxencia dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, , Don Cándido Eusebio Prieto Lago, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Roberto Oscar López López e cinco votos en contra da urxencia dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz , D^a María José López Lamigueiro ,D, José Esmoris Aldao e o voto da Sra. Alcaldesa .

9.2 MOCIÓN PARA A SUPRESIÓN DO COPAGO FARMACÉUTICO ÁS PERSOAS PENSIONISTAS e fundamenta a urxencia na repercusión que esta medida vai a ter para a nosa veciñanza dado que se considera unha medida inxusta dado que non hai unha progresividade en relación o copago e o nivel de renda familiar .


A **Alcaldesa** entende que non ten urxencia dado que é unha medida que se esta aplicando e agora ábrese un período de transitorio motivado pola convocatoria de eleccións autonómicas .

Os membros do Pleno en votación ordinaria rexeita a incorporación da moción na orde do día . Un voto a favor da urxencia do Concelleiro D. Roberto O. López López e tres abstencións dos Concelleiros Don Benigno Galego Castro, , Don Cándido Eusebio Prieto Lago, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Roberto Oscar López López e cinco votos en contra da urxencia dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz , Don José Esmoris Aldao, Dona María José López Lamigueiro e o voto da Sra. Alcaldesa .

O concelleiro D. Benigno Galego Castro , aclara o seu voto e explica que a abstención ven motivada porque non ten información suficiente do tema e solicita que se informe os voceiros dos grupos con antelación da presentación de mocións de urxencia e considera non democrático que non se incorpore unha moción a orde do día .

9.3 .- O CONCELLEIRO D. BENIGNO GALEGO CASTRO PRESENTA UNHA MOCIÓN EN APOIO O PARTIDA XUDICIAL DE ORTIGUEIRA motivando a urxencia nas novas aparecidas nos xornais acerca da súa posible supresión . Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade acordaron incorporar esta moción a orde do día , moción que se consensua entre todos os concelleiros co seguinte texto :

Despois das novas que se veñen publicando nos medios de comunicación e facéndonos eco das protestas do mundo xudicial e entendendo os perxuizos que se ocasionarían a veciñanza deste concello acordamos :



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

Primeiro :Dirixirnos a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado manifestando o noso desacordo coa desaparición do Partido Xudicial de Ortigueira e solicitando que se manteña. **Os membros do Pleno por unanimidade dos presentes , prestaron aprobación a moción anterior .**

10- ROGOS E PREGUNTAS.

O Concelleiro D. Roberto O López López pregunta a alcaldía acerca das obras de asfaltado que se están realizando na estrada da Deputación dado que o firme esta en mal estado posto que non amañan as fochancas , polo que se solicita que se poña en contacto coa Deputación para que lle den solución a estes problemas

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro realiza as seguintes preguntas :

1.- Como se atopa unha reclamación dunha veciña de Os Casas para eu se lle recoñeza un camiño público que non esta contemplado no Plan Xeral de Urbanismo ? Nesta reclamación falase de que cambiaron unha postes de luz


A Alcaldesa explica que esta reclamación a teñen os servizos técnicos municipais para realizar un informe e que non mandou a ninguén cambiar postes de luz nese lugar e que falará coa empresa encargada do mantemento .

2.- Quería saber que conclusións se chegou na reunión da Delegada e os pais polo tema do colexio , dado que unicamente se veu a ratificar unha solución xa tomada ? E que se fixo por parte do Concello , ?

A Alcaldesa afirma que na reunión se explicou o reagrupamento dos cursos en infantil , primeiro , segundo e terceiro xuntos e cuarto quinto e sexto xuntos , e que a ratio para poder separalos e de vinte nenos ou dezoito nalgúns casos en Cerdido o grupo mais numeroso , ten dezaseis nenos .Antes da reunión dende o Concello realizáronse múltiples tramites e visitas a Coruña para pode solucionar o tema

O Concelleiro D. José Esmoris Aldao , explica que na reunión estivo presente a delegada unha inspectora a nova directora e algúns profesores pero faltaba o actual director e na reunión quedaron para repartir as horas que lles sobran os profesores para poder realizar labores de apoio .

3.- En relación a contratación das obras a que empresas se invitaron ? A Alcaldesa afirma que se invitaron a Villasuso , Jose M. Piñeiro e José No Mantiñan a outras mais que non se acorda .



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

4.- Que empresa fixo a reparación do campo de fútbol e como se contratou , e se si invitaron a mais empresas e canto costou ?

A Alcaldesa afirma que foi Mantiñan , o que sacou a area e que vai a traer area nova. O motivo da elección da empresa foi que esta tamén o fixo en Moeche e fumos a vela obra ,en canto o coste a bañeira de area ronda os 800 € e serán necesaria tres ou catro bañeras .

5.- En canto a obra de aglomerado no colexio pregunta se se estivo alí cando o botaron e cantos centímetros teñen . O Concelleiros D. Juan Ramos Prieto afirma que si estivo alí e que rondarian entre 5 ou 7 centímetros

6.- Que prioridades se dan para limpeza de pistas ? A Alcaldesa explica que primeiro hai que desbrozar as de terra como prevención de incendios forestais , e que este ano contratouse a unha empresa dado que se estaba esperando a que non concederan un condutor coa subvención de traballo , pero como non o concederon tivemos que contratar a unha empresa porque o persoal propio non o pode facer todo . O Concelleiro D. Benigno Galego Castro , solicita que se prepare a persoal propio do concello para realizar estas tarefas e engade que o persoal do concello uns traballan demais e outro de menos e pregunta polo horario do persoal de oficinas e o persoal de servizos e no caso de que se veña a traballar polas tardes solicita que poda vir a consultar expedientes .

7.- Porque non se instala a caixa de suxestións ? A Alcaldesa aclara que non lle parece lóxico dado que se alguén quere reclamar por algo debe entrar no concello e facer unha reclamación por escrito .

8.- Solicita aclaración porque se espera ano e medio para recibir un informe técnico sobre as obras , xa solicitadas nos plenos anteriores ? A Alcaldesa afirma que volveuse a solicitar o informe a empresa


O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago realiza as seguintes preguntas e rogos .

1.- Seria necesario solicitar unha batida de xabarín , como se fixo en ortigueira .

2.- Ten moitas averías o tractor ? dado que recentemente veu o encargado de valmet o concello . A Alcaldesa afirma que veu para repara a desbrozados

3.-Cantas licencias de taxi operativas hai no concello e solicita que se aclare o tema? A Alcaldesa explica que hai dúas

4.- Nas festas de Cerdido , limparonse as beirarrúas en Regueirlongo quen o fixo ? A Alcaldesa afirma que foi un xornaleiro que pagou cos seus cartos e limpou as beirarrúas da miña parcela e que o concello non conta con persoal suficiente para facer estas cousas .



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

5.- Ao persoal do Concello se lle controla o quilometraxe que fai así como o consumo do gasoil dos vehículos municipais ? A Alcaldesa explica que no concello traballan pouca xente e eles son responsables e cumpren con seus horarios .

E , non habendo mais asuntos que tratar , a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día trinta de agosto de 2012 . Do que eu como Secretaria dou fe :

A Secretaria

A Alcaldesa

Asdo. Paula Díaz Tie

Asdo. Ana Rodríguez Montero